

VELLAS ERMIDAS NA CUNCA DO RÍO MERA LUCENSE

Por: Ares Vázquez, Nicandro

O río **Mera**, aquí aludido, que nace en **Fondemera**, aldea da parroquia de Santa María de Vilafiz (do municipio de Friol, limitando co de Lugo), é un afluente pola dereita do río Miño. Recolle primeiramente por ambos lados as augas desta parroquia, e despois pola súa marxe dereita as de San Pedro de Mera, San Miguel de Bacurín, San Martiño de Poitomillos, Santiago de Prógalo, San Vicente do Burgo, Seoane do Alto e parte de San Vicente do Veral. Pola marxe esquerda verten nel al augas de Santa Eulalia de Bóveda, San Xulián de Vilachá, Santa María Alta, San Vicente do Veral e San Miguel de Orbazai, parroquia na que se atopa a súa confluencia co Miño, fronte á freguesía de Santiago das Saamasas, e pouco antes de chegar as súas augas á ponte nova construída na estrada Lugo-Santiago.

No val formado por este río existen aínda ou existiron varias ermidas e capelas, algunhas delas desaparecidas, e outras descoñecidas, que pretendo reseñar aquí para a súa constancia histórica. Farei a súa enumeración, seguindo o curso do citado río, empezando polo seu encabezamento e continuando polas súas vertentes ata a desembocadura no Miño.

1. Ermida da Concepción en Remesil.

Atópase no lugar deste nome, parroquia de Santa María de Vilafiz. Da súa simple existencia hai unha mención no *Inventario artístico de Lugo y su provincia* (6 vols. de varios autores, Madrid, 1983), tomo VI, páx. 275, onde J-M. González Reboredo describe brevemente o Pazo de Remesil.

Deste pazo “uno de los más característicos de nuestra provincia” ocupouse amplamente con fotografías M. Vázquez Seijas no *Boletín de la Comisión de Monumentos de Lugo*, tomo IX, 1974-75, páxs. 199-204. E del son estas notas que escribiu, resumindo os datos que eu lle facilitara sobre a ermida:

“En el libro de Fábrica del Archivo parroquial de Bacurín y su anejo Villafiz, que comienza en 1693, el licenciado D. Andrés de Novoa Rivadeneira, vecino de esta ciudad y residente en la parroquia de Sta. María de Villafiz, a 3 de marzo de 1694, declaró ante el escribano Antonio de Castro Parga y Seyxas, que tenía intención de fundar una ermita en el lugar de Remesille de dicha feligresía de

Villafiz y en ella poner la imagen de Nuestra Señora de la Concepción, acompañada de otras, para que sea la patrona la dicha imagen, haciéndole gracia de la mitad del lugar de Vigo, en el que vivía Pedro de Guntín, en la parroquia de Bacurín, con otros bienes y rentas que quería que quedasen sujetas a la fábrica y composición de dicha ermita, sus ornatos, vino y cera, y para que no se vendieran, trocaran ni enajenaran, los agregó e incorporó a la casa y lugar en que existía el vínculo, vínculo que fundó el licenciado Juan López Picado, su tío.

En 25 de abril de 1711, ante el notario D. José López Taboada, D. Andrés López de Noboa, señor de Villafiz, fundó una capellanía eclesiástica *colectiva* (enténdase *colativa*), de patronato laico en la Ermita de Nuestra Señora de la Concepción, sita en el lugar de Remisille, con obligación el capellán de decir por su persona, 12 misas cada año en los días que señala, y la dotó con varias rentas en el lugar de Vigo.

Frente a la Ermita existe un modesto crucero en piedra granítica”.

Alí -engado eu- teño visto tamén un sartego granítico, que facía de pía e bebedoiro do gando, recollendo a auga que baixa do monte. Anoto igualmente que a mencionada ermida, de reducidas dimensións, non está incluída nin sequera adosada ó edificio do pazo, senón separada del por un camiño carreteiro. Tanto o pazo como a ermida foron restaurados non hai moito tempo, con graciosa elegancia, polo actual propietario don Manuel Mazoi, poñéndolle a ésta un campanil na súa fachada, do que antes carecía.

2. Ermida de San Andrés.

Estaba na parroquia de San Pedro de Mera, segundo puider ler nun manuscrito de 389 folios, encadernado en pergamino, que se garda no Palacio Episcopal, o cal leva por título “*Memoria y razón de la Visita que en su Obispado hizo el Ilmo. Sr. D. Lucas Bustos de la Torre*”. Visita pastoral que realizou en 1700-1702. No folio 300 di: “San Pedro de Mera... ai una hermita de S. Andrés que está cubierta y cerrada”. Non di máis. Pero coido que debe identificarse coa mención que aparece no ano 897, no que se define o couto do bispo de Lugo “*per Sanctum Andream ac per Retorta*”, porque San Pedro de Mera confina con San Román da Retorta. Noutra delimitación do mesmo couto, rexistrada no ano 1078, tamén figura o marco “*inter Sancto Andrea et Retorta*” (Cf. M. Risco, *España Sagrada*, tomo 40, páxs. 386 e 420).

En 1993, no N.º 6 de *Lucensia*, pág. 24, escribín que en San Pedro de Mera hai no lugar do Hospital “a *Casa de Capilla* que parece referirse a unha antiga capela desaparecida, a cal estivo adicada a Santa Catalina e San Sebastián”. Sen embargo, agora debo rectificar este último dato dos santos titulares.

En efecto, eu lera no Real de Eclesiásticos do *Catastro del Marqués de la Ensenada, Parroquia de San Pedro de Mera*, ano 1752, que nesta freguesía “*la capilla de Santa Cathalina y San Sebastián, inclusa en la parroquial de*

San Vicente del Burgo”, posuía “*una casa terrena al sitio de Crecente*” e varias fincas que alí se nomean “al sitio de Tras da Casa, Río, Sucrecente, Sobrecrecente, Pena da Cabra, Escada, Fontelas, Camiño”, etc.

Pero o feito de que aquela capela de Santa Catalina e San Sebastián estivese “*inclusa en la parroquia de San Vicente del Burgo*” fíxome pensar despois que sería distinta da de San Andrés e atoparíase na citada parroquia do Burgo, na que estaba “*inclusa*”, non en San Pedro de Mera, anque aquí tería os predios que se lle asignaban.

Esta rectificación téñoa agora confirmada, porque en decembro de 1997 comprobei que na igrexa de San Vicente do Burgo hai dous altares laterais, un fronte a outro, cos correspondentes retábulos neoclásicos, os cales están coroados por cadanseu medallón ovalado coas respectivas estampas e nomes de Santa Catalina e de San Sebastián. No mesmo mes souben que éstas eran dúas capelanías distintas e cada unha tiña de renda 36 fanegas anuais, segundo consta nun “Memorial de Bienes” da de Santa Catalina no ano 1749, existente no Archivo Diocesano.

Coa ermida de San Andrés en San Pedro de Mera non se debe confundir unha capelanía de San Andrés que se fundou en San Miguel de Bacurín, parroquia limítrofe. A ela, en 1700-1703, debe referirse outra nota da citada *Memoria*, folio 309 v.º, que di así:

“San Miguel de Bacurín... no ai cofradía, capellanía, ni hermita, ai un sacerdote Dn. Andrés de Sitién y Neira, que posehe en esta Igl^a una hermita de Sn Andrés, que vale de renta cobradera con unos caps nueve fans de pan en cada un año y de lo que renta el grangeo vale al presente tres fanegas”.

Deste citado Don Andrés de Sitién y Neira hai unha nota no Archivo Diocesano, incluída nos papeis referidos a unha capelanía de San Andrés en Bacurín. É unha carta do 29 de xaneiro de 1746, con informe secreto, dirixida ó Secretario de Cámara, Don Joseph Frz Sanjurjo, por un crego desde Vilachá de Mera, na que “*consta que a título de dha capellanía se ordenaron asta de Presuítero Dn Andrés Sitién fundador de ella, Dn Marcos Rs de Parga cura actual de Sn Julián de Roimil desta diócesis, Dn Alvaro Varueyto, Dn Manuel Nunez, y Dn Joseph Franco Vermudez*”.

Este informe referíase a un candidato á devandita capelanía, dado que o 20 de xaneiro de 1746 presentárase na Secretaría de Cámara un “*Memorial de los bienes tocantes y pertenezientes a la capellania eclesiastica colatiba de adhocación del glorioso Sn Andres ynclusa en la ygla parroquial de Sn Miguel de Bacorin y altar coletoral de ella de que es actual cappn Dn Juan Andres Carreyra y Gaioso clerigo de menores y vezº de la frâ de Sgo de Gomelle. Son los sigtes*”. Enumera 11 partidas de lugares e terreos ubicados en Golmar (Santiago de Prógalo), na Rocha, Recimil, Agro de Méndez (San Martiño de Poitomillos), Labandeira, Portafontao, Grulfe con casa, e Agro do Cabaleiro (San Miguel de Bacurín).

Destes bens manifestaba o capelán que tiña unha renda anual de 41 fanegas e media de pan e oito capóns, suficiente para a súa congrua, se chegaba a ordenarse de presbítero.

3. Ermida de San Antonio en Vilar.

Non consta en 1700 na citada *Memoria* do bispo Bustos de la Torre, na que lemos (fol. 302): “San Martín de Poutomillos... no ai cofradía, capellanía, hermita, ni sacerdote”. Pero certamente sei que estaba nesta mencionada parroquia de San Martiño de Poitomillos, aillada no chamado ‘Monte ou Costa de San Antonio’, próxima a unha casa e lugar, que aínda hoxe se denomina *Casa de San Antonio*, en Vilar de Poitomillos. Quedan, como restos dela, o topónimo ‘Fonte de San Antonio’ naquel monte e un pequeno retábulo barroco na parede meridional da igrexa parroquial, cunha inscrición que di: “HESTA OBRA SE IZO A COSTA DE LA FABRICA SIENDO CURA EL LICENCIADO DIV^o TEIXEIRO AÑO 1699”. Posiblemente haberá constancia desta ermida en vellos documentos sobre capelanías, recollidos no Palacio Episcopal, que non tiven aínda ocasión de consultar.

4. Ermida de San Ildefonso.

No *Real de Eclesiásticos do Catastro del Marqués de la Ensenada, Parroquia de Santiago de Prógalo*, ano 1752, lemos que “la Capilla de San Ildefonso tiene una casa terrena al sitio de Prógalo de diez varas de frente por seis de fondo, linda por la derecha con Angel de Garaloces y por la izqda. con tierra suya”. Posuía terras “al sitio do Castro, Outarela, Traspumar, Camiño, Ladayña, Laga, Outeiro, Avajo, Fonte, Curral, Aira, Riego, cuyos bienes posee como colono Juan Darriba, por que paga treinta y nueve ferrados de centeno”.

Consérvanse aínda as paredes daquela ermida, utilizada como paneira ata hai pouco, na actual aira da *Casa de Regueiro*, que está ubicada no lugar do Golmar. Tamén queda dela un pequeno retábulo e imaxe do santo na parede norte da igrexa parroquial. Pero ignoro a data da fundación e as peripecias da súa existencia.

Na citada *Memoria* de 1700-1703, folio 301, lemos o seguinte:

“snTiago de Progallo... no ai cofradia, ai una capellania colativa q posee un clerigo de menores Ordenes, que se presume vale veinte y cuatro fanegas de pan” (*con letra diferente e interlineada*: “y siete capones”) = no ai hermita, ni sacerdote = (*con letra diferente*: “El Capellan se llama Fdo de Prado”).

San Ildefonso foi arcebispo de Toledo (+667) e celébrase a súa festa o 23 de xaneiro. O seu nome, bitemático, ten orixe xermánica, e componse do gót. *hild-* ‘combate’ e *-funs* ‘valente’. Os vellos paisanos de Prógalo chamábanlle San Alifonso.

5. Ermidas de San Bartolomé e de Santiago.

Non se mencionan no *Catastro de la Ensenada*, pero si na *Memoria da Visita Pastoral de Bustos de la Torre*, onde lemos no folio 303: “San Vicente del Burgo... ai dos hermitas una de Sⁿ Bar^m y otra de SⁿTiago, que están reparadas: ai dos capellanías colativas, que la una posehe Rodrigo Fernandez, y la otra un clérigo de menores vez^o de S^{ta} M.^a Alta, llamado Joseph Pardo”...

No *Inventario artístico de Lugo y su provincia* (I, 294) J-M. González Rebo-redo escribe o seguinte:

“**Capilla de San Bartolomé.** Curiosa edificación con la cabecera incrustada en peñascos naturales. Planta rectangular, con la nave sustituida por un gran atrio cubierto con tejado de madera sostenido por ocho pilares octogonales con basa cuadrada. Capilla mayor rectangular, con retablillo barroco con estípites, siglo XVIII. Unica imagen del titular, 0,40”.

Non indica que o seu pavimento está lastrado con laxas cuadrangulares de pedra granítica, cun burato cada tres, como sinal de que serviron para cuberta de enterramentos. Nalgunha prospección atopáronse ósos de persoa. Foi restaurada polos veciños, hai poucos anos, pero non hai culto nela, excepto o día da festa do Carme no último domingo de agosto, quizabes porque o propio día do santo é o 24 deste mes. Sen embargo a súa historia permanece aínda inédita. A pouca distancia hai un cruceiro rústico. E un pouco máis lonxe está o Castro do Canedo.

O nome de San Bartolomeu, de orixe hebrea, din que é composto de *bar-talaimay* ‘fillo de Talmai’.

Da **Ermida de Santiago** non hai restos arquitectónicos coñecidos. Coido que debeu estar á beira do chamado *Camiño Primitivo*, que foi primeiro vía romana *Lucus-Iria*, despois ruta de peregrinacións de Lugo a Compostela, máis tarde camiño real e actualmente estrada provincial. Probablemente serviu de oratorio nun *Hospital*, mencionado repetidas veces no *Real de Legos do Catastro de la Ensenada*, como nome dunhas fincas moi próximas á actual Casa de Matías, na que se conserva aínda un cruceiro e unha efixie pétrea, de factura popular, que algúns consideran como do apóstolo Santiago, peregrino.

Débase recordar que o nome de Santiago, componse de *Sant-Iaco(b)*. Polo tanto estaría mal feito o corte Sn-Tiago, que vimos máis arriba. As formas populares, equivalentes ó segundo elemento de Sant-iago, son Xacobe, Xácome, Xaime.

6. Ermida de San Antonio en Poitomillos.

Como tal podemos considerar unha capela exenta, de propiedade particular, a carón da *Casa do Fidalgo de Poitomillos*, casa que ten pedra de armas, na citada **parroquia do Burgo**. Consta dun pequeno recinto cuadrangular con campanil na súa fachada e altar neoclásico coa imaxe de San Antón de Padua. A parte máis vella do pazo corresponde ó século XVIII, segundo consta nunha inscrición

moderna gravada en mármore polo que foi últimamente o seu posuidor, don Anxel Núñez Sánchez, tío do actual propietario.

7. Ermida de San Vitoiro.

No tocante a esta ermida, tiña eu escrito en 1994 o seguinte comentario, que incorporo agora ó que estou a facer sobre o grupo das que vou reseñando.

Paseando pola tarde o día 31 de xaneiro de 1993, fun desde a miña casa de Cabanas en Santa Eulalia de Bóveda ata a parroquia de Santiago de Prógalo. E desde aquí crucei o río Mera pola chamada “Ponte de Fariñas” cara á parroquia de San Xulián de Vilachá de Mera, subindo polo Pallar e pasando a carón do Agro de Reboredo, que quedaba á miña esquerda.

Na cima deste agro atopei unha muller gardando vacas e pregunteille polo nome dunha caseta que eu vía algo alonxada aínda. Respondeume que aquela era a “*capilla de San Vitoiro*”. E seguí perquirindo: ¿podémola ver?. Ela díxome que si, “porque está sin porta”. E acompañoume ata alí, dicíndome que aquel terreo era propiedade da casa de Cabanas de Vilachá.

En canto estiven cerca, vin que aquela era unha caseta que tiña pouco máis ou menos uns cinco metros de longo por catro de ancho e tres de alto. Estaba toda cuberta de hedras por fóra dende o chao ata o cumio. Na súa frenteira e achegada á parede meridional tiña unha entrada con dúas xambas monolíticas, sobre as cales cargaba un groso lintel de carballo, todo chamuscado por un incendio do monte circundante, que houbera facía tres anos. O silveiro que se reproducíu arredor desta ermida non permite agora ás persoas bordear o edificio.

No seu interior non había ningún moble, nin retábulo, nin imaxes, porque “o santiño foi roubado” (díxome aquela señora). Pero vin na cabeceira algo que chamou a miña atención: unha seteira exteriormente estreitiña pero con amplo derrame interno rematado en arco monolítico e a carón del unha cruz patada, gravada en baixo relevo.

Documentos medievais.

1.- Esto é todo o que aínda queda dunha antiga ermida, a cal aparece mencionada por vez primeira nun documento do ano 1017. Trátase, en efecto, do testamento que fixo o bispo de Lugo don Diego, escrito en letra visigótica cursiva, o cal gárdase no Archivo Histórico Nacional, mazo 735, segundo escribe A. García Conde, *Episcopologio Lucense*, páx. 124.

A recensión deste testamento, feito nos derradeiros días do brevísimo pontificado daquel bispo, é algo incompleta por parte de García Conde. Porque di que nel “dona a la iglesia de Lugo la *villa andriati* (Andrade o Andreade)”. E despois engade: “El dejar tan sólo una villa o granja indica que don Diego tenía poca hacienda, tal vez esa heredad sola, porque hacía poco tiempo que era prelado y no había adquirido aún más”.

Quen queira ver o texto íntegro desta doazón, pódeo ler no arquivo da catedral de Lugo, onde hai unha copia feita por V. Cañizares, *Colección Diplomática* (I, 200-201). Mais o que aquí nos interesa agora é soamente o núcleo da mesma, escrita nun pésimo latín.

Despois de invocar o nome da Santa Trindade e de Santa María, recoñécese como cliente e pequeno servo dos servos de Deus, bispo pola gracia de Deus anque indigno e deprimido pola morea de pecados. Por iso, para alimento e vestido dos frades e monxes, que baixo regra habiten e permanezan no coro de Santa María, para lumieiras dos altares e para esmolas dos pobres, dóalles a vila de Andrade, no territorio da Mera, baixo do Monte de Meda, á beira do regueiro Saleza (*villa que vocitant Andriati territorio Mere subtus Monte Meta et ribulo discurrente Saleza*).

Como se ve, esta vila está moi ven identificada, resultando o casarío actual de Andrade na parroquia de San Pedro de Calde, o cal non se debe confundir coa parroquia de Andrade no municipio de Paradela, segundo se podería colixir da insinuación de García Conde.

Sen embargo o documento non menciona soamente esta vila. O bispo Diego dóalles tamén ós cóengos lucenses outras herdades que foron casa de Santa María, onde está fundada a igrexa que se chama de San Vitoiro coas súas zarras e o seu chantado (*et alias hereditates que fuerunt de cassa domne Marie, ubi ipsam ecclesiam vogabulo sancti Victori est fundata et sua clastra (?) et suo plantato*).

2.- Unha segunda alusión á ermida de San Vitoiro témola no reparto de bens destinados á Canónica e á Dignidade Episcopal. División confirmada polo bispo Pedro III no ano 1120, segundo consta no documento publicado por Risco, *España Sagrada*, tomo 41, apéndice 2. Nesta división alude concretamente e por este orde á vila de Prógalo, igrexa de San Vitoiro, e vila de Torible (*Villam de Procul... ecclesiam Sancti Victoris... Villam de Turivi*), todas actualmente do concello de Lugo.

3.- Finalmente temos outra mención medieval destes tres lugares nun inventario de bens canonicais de Lugo, feito arredor do ano 1160, que foi publicado no *Boletín de la Comisión de Monumentos de Lugo*, IX, 1976, páx. 309, núms. 48-50, onde lemos: "*In Mera villam de Turivil quam dedit Erus Ruderiguiz; ecclesiam Sancti Victoris; in Progul villam quam dedit Suarius Muniz*".

¿Quen foi San Vitoiro?

Non é doado identificar historicamente a *Sanctus Victorius*, que foi confundido a veces con *San Víctor*. A igrexa celebra tres santos co nome de *Victorio*: o 30 de outono un mártir de León; o 1 de setembro un bispo de Le Mans do século V; o 21 de maio un *militar* de Cesarea, martirizado na Mauritania. Este quizabes podería ser o santo en cuestión. De feito eu coñecín a un mozo que se ofreceu a ir ó San Vitoiro para que o liberase de cumprir o servizo *militar*. Pero tamén oín de

pequeno unha cántiga que dicía: “Este neniño que teño no colo / é un amor que me deu San Vitoiro”. O cal podería ser unha alusión ó baile de San Vito, doencia da que o neno sería liberado por intercesión do santo daquela ermida, se era tamén *San Vito*, como alguén lle chamou.

Orixe onomástica.

Respecto ó nome Victorio / Vitorio / Vitoiro vese que vén do xentilicio latino *Victorius*, formado sobre *Victor* ‘vencedor’ (Cf. Kajanto, *The latin cognomina*, páx. 278). En cambio non é tan claro que Fitoiro teña a mesma orixe; porque podería ser derivado de *Fictorius*, xentilicio constatado por Schulze, *Zur Geschichte lateinischer Eigennamen*, 108, e formado sobre o cognome *Fictor* ‘oleiro, escultor, perruqueiro e servidor de pontífices’ (Kajanto, 319). Quizabes por esto na *Enciclopedia Lingüística Hispánica* (I, 614) Luis López Santos indica que “S. Fitoiro puede ser falso santo”.

Como colofón e novo dato sobre a indicada ermida de San Vitoiro en Vilachá de Mera, engado agora o que acabo de ler no folio 300 da citada *Memoria* da visita pastoral do bispo no ano 1700:

“San Julián de Vilachá... no ai cofradía, capellanía, ni capilla, ai un sacerdote patrimonial Antonio Carreira de Castro, ai una hermita de Sn Victorio, que está sin puertas, queda comisión al cura para que notifique a quien toca repararla la componga dentro de tres meses, y no lo haciendo, q la haga demoler, y en dha hermita hai una capnia colativa, q se dice reside su capellan en Madrid, y vale de renta hasta ocho fs de pan, que importan los diezmos de las heredades q ai al derredor de dha hermita”. (*Con letra diferente: “Esta Capellania es de St^a Isabel es patrón D. Alonso Saabedra titulase de ella Antt^o Arias de Bobeda clerigo de menores = año de 1708”*).

8. Ermida de Santa Eufemia.

Non sabía eu nada desta ermida ata que vin nomeado por dúas veces o “*sitio de Santa Eufemia*” no *Real de Legos do Catastro de la Ensenada, parroquia de Santa María Alta*, fols. 107 e 299. Esto intrigoume. E consultando a citada *Memoria* de 1700-1703 do bispo Bustos de la Torre, lin efectivamente que en “*Santa María Alta ai una hermita de Santa Eufemia, que está zerrada, y cubierta*”. Non se di onde estaba. Pero, despois de moito preguntar, souben que estivo na aldea máis alonxada da igrexa parroquial, que é Vilaríño, nunha finca pertencente á Casa de Covas, ata que en 1830 se desfixo e se aproveitaron os seus materiais para un muíño que alí existe. Quede, pois, aquí a súa constancia para quen queira investigar máis, vendo os libros parroquiais ou os papeis de capelanías no Palacio Episcopal.

A santa patrona desta ermida leva o nome grego *Eu-femía*, que significa ‘a de boa fama’. Anque consta Santa Eufemia, mártir de Calcedonia no séc. IV, que se celebra o 16 de agosto, aquí é máis probable que fose a Santa Eufemia de Ourense-Tui (Cf. *Esp. Sagr.* XVII 222 e XXII 98), que ten a súa festa o 16 de setembro.

Consta unha lenda ourensá que en 1090 atopándose unha pastora gardando as ovellas no monte entre Galicia e Portugal, viu asomar sobre a terra unha man cun anelo de ouro. Agarrouno de contado. Pero no intre quedou muda. Chorando marchou á casa. E de seguida os pais foron correndo ó sitio da aparición. Puxéronlle o anelo á misteriosa man. E de súpeto á nena volveulle a fala. Era que alí estaba enterrada Santa Eufemia, 'a ben falada'. Levantaron aquel corpo santo coa idea de traelo á capital de Ourense. Pero opúxose o bispo de Braga, porque coidaba que aquela terra era dos seus dominios. Para dirimir a cuestión, puxeron o corpo da Santa nun carro, con bois antepostos que non viran aínda o xugo. As reliquias serían daquel bispo para onde tirasen os bois. E estes tiraron para Ourense.

Francisco de Moure en 1621-24 gravou estas escenas no coro da catedral de Lugo. Santa Eufemia sinala o ceo co índice da man dereita, no que leva o anelo. Coa man esquerda sostén unha palma sobre a roda dun carro. E do seu colo colga a corda que guiou ós bois.

9. Ermidas do Santo Matías e de San Paio.

No *Catastro del Marqués de la Ensenada, Parroquia de San Vicente de Veral*, leo repetidas veces dous haxiotopónimos, que son *Santo Matías* e *San Paio*.

O primeiro ten unha magnífica ermida que foi descrita por J-M. González Reboredo no *Inventario artístico de Lugo y su provincia*, tomo VI, páx. 218:

“Obra que en su fábrica actual aparenta ser de los siglos XVIII y XIX. Aparejo de sillar. Frontis con puerta adintelada y espadaña de dos vanos. Tiene una inscripción en el muro exterior alusiva a San Matías y San Lorenzo, sin fecha. Nave rectangular, capilla mayor con arco triunfal de medio punto y sacristía adosada.

Retablos e imáxenes.

El mayor, del siglo XIX, con imagen de San Matías, de vestir; santo sin identificar, 0,62; San Matías, de poner, 0,39; San Lorenzo, 0,74, y crucifijo en el cuerpo superior. Retablo izquierdo, del siglo XIX, 2,00, con imagen de la Virgen del Carmen, 0,70”.

Dous actos específicos deste santuario eran: lavar a cara ou as chagas do corpo na Pía do Santo, que é un sartego bipraza antropeide, ubicado algo máis abaixo da capela, e deixar alí os trapos a enxugar ata que podrecesen. O outro rito consistía en cortarlle a pexa ós nenos, consistente nun atadallo de lá ou liño, para que se soltasen a andar.

Da descrición xeográfica e artística desta ermida, dos ritos e cultos que había e hai nela e nos seus arredores, e de datos documentais da súa construción, tratou J-M. Blanco Prado nun amplo artigo, publicado en *Lucensia*, n.º 1, 1990, páxs. 137-145.

Pero da outra **Ermida de San Paio** só sei polo *Catastro de la Ensenada* que figura bastante repetido o “sitio de la Hermida” e tamén o “sitio de San Paio”. No folio 172 vº do Real de Legos menciona “un molino arruinado al sitio de la Hermida”, o cal parece indicar que a ermida de San Paio sería distinta da do Santo Matías, porque ésta atópase no alto sen ningún regato próximo. Aquela, en cambio, debeu estar ubicada cerca do río Mera, na súa marxe dereita, nun terreo que inda hoxe leva o nome de “*Agro de San Paio*”, á beira da pista que vai desde a aldea de Astariz, da parroquia de San Vicente do Veral, ata Penarrubia, que pertence a San Miguel de Orbazai.

Colofón.

Coa presentación das mencionadas ermidas soamente intentei propoñer unha ‘infraestructura’ de investigación histórica. A cal poderá ser completada por algún devoto, se non de santos, sí da historia, de costumes ancestrais, de socioloxía relixiosa, ou quizabes de aspectos artísticos e de datos documentais sobre perseiros importantes, que deixaron a súa pegada nestes monumentos, dos que non deberíamos esquecernos.

